

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de xuño de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día quince de xuño de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(563).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 1 de xuño, e extraordinaria e urxente do 5 de xuño de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(564).- ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA CALDAS DE REIS 1, POR VIVENDA DE PROPIEDAD MUNICIPAL. EXPTE. 140076/301.

Visto o informe de fiscalización do 06/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 26/05/17, asinado pola técnica medio Servizos Económicos, o xefe de área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social, o asesor xurídico adxunto

da área de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 4 de marzo de 2011, acordou a aceptación da cesión de vivendas de promoción pública feita polo IGVS a favor do Concello de Vigo. A citada cesión foi asinada en escritura pública o 2 de abril de 2012. Entre as vivendas cedidas se atopa a situada na rúa Caldas de reis, 1-2ºA, destinada a vivenda de transición para usuarios en exclusión ou risco de exclusión social.

O 8 de abril de 2016, a XGL acordou aboar á comunidade de propietarios da rúa Caldas de reis 1, a cantidade de 2.850,00 € correspondentes a débeda pendente por parte do Concello, desde agosto 2014 ata febreiro de 2016 (ambos inclusive).

Segundo os comunicados da comunidade de propietarios (CIF. H36691129), remitidos a través da Gestoría Maigler, o piso 2º A, de propiedade municipal, mantén unha débeda que ascende a 1.450,00€, que corresponden aos seguintes conceptos:

Cotas ordinarias: 750,00 € (recibos de marzo/2016 a maio/2017, 15 recibos x 50 €).

Cotas extraordinarias para a fachada: 700,00 € (recibos de marzo a setembro/2016, 7 recibos x 100 €).

Polo todo o exposto, e previo informe da intervención xeral, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aboar á comunidade de Propietarios da rúa Caldas de Reis nº 1, CIF. H36691129, con cargo á partida "mantemento de comunidades" 92002120005 do orzamento vixente, a cantidade de 1.450,00 euros correspondentes á débeda pendente:

- 750,00€ de cotas ordinarias, desde marzo 2016 ata maio 2017.*
- 700,00€ de cotas extraordinarias, de marzo a setembro de 2016, pola rehabilitación de fachada.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(565).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA NOCTURNA E TRANSPORTE DE FONDOS NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO. EXPTE. 7173/612.

Visto o informe de fiscalización do 31/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 22/05/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 22 de maio de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna e transporte de fondos nas instalacións de Vigozoo (7.173-612)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna e transporte de fondos nas instalacións de Vigozoo (7.173-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 16 de febreiro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación
GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L.	100
UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A.	2,73

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado no primeiro lugar, GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que, segundo a cláusula 8 e o apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP, esíxese unha determinada habilitación profesional para a execución do contrato; para tal efecto deberán presentar a documentación acreditativa da inscrición no Rexistro Nacional de Seguridade Privada do Ministerio do Interior ou Rexistro Autonómico onde teñan o seu domicilio, así como a pertinente autorización para a realización do transporte e distribución de efectivo.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.804,39 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Con data do 20 de abril de 2017, a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Á vista da documentación presentada o 28 de febreiro de 2017 polo licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L., do informe emitido pola Dirección Xeral da Policía (Unidade Territorial de Seguridade Privada do Ministerio do Interior) de data 16 de marzo de 2017 e das actuacións desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conta de que o licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L., non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP no prazo sinalado, polo que se entende que retirou a súa oferta.

Segundo.- Iniciar os trámites pertinentes para proceder á devolución da garantía depositada por GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L. (por importe de 14.600,00 euros), así como o importe abonado en concepto de anuncios (1.804,39 euros).

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS, S.A., seguindo a orde de clasificación acordada pola Xunta de Goberno na sesión do 16 de febreiro de 2017, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que, segundo a cláusula 8 e o apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP, esíxese unha determinada habilitación profesional para a execución do contrato; para tal efecto deberán presentar a documentación acreditativa da inscrición no Rexistro Nacional de Seguridade Privada do Ministerio do Interior ou Rexistro Autonómico onde teñan o seu domicilio como empresa autorizada para as actividades de vixilancia e transporte e distribución de efectivo (necesarias para a realización do obxecto deste contrato -apartado 2A do Anexo I -FEC-).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.*

Cuarto.- Requirir á UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS, S.A. o aboamento de 1.804,39 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en segundo lugar, UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS, S.A., o día 21 de abril de 2017, que presentou determinada documentación o 8 de maio, dentro do prazo concedido. Tras a súa cualificación pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de abril de 2017, esta acordou conceder ao licitador un prazo de tres días hábiles para a emenda da documentación.

Dentro do prazo concedido, o 18 de maio de 2017, o citado licitador presenta nova documentación. A Mesa de Contratación, na súa sesión do 22 de maio de 2017, revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A segunda oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de data 10 de xaneiro de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS, S.A., o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna e transporte de fondos nas instalacións de Vigozoo (7.173-612) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 357.797,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 62.097,00 euros.*
- b) Propoñen unha bolsa de horas de prestación do servizo sen custo para o Concello de 40 horas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(566).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA Á FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO “COPA VIGO DE FÚTBOL 2017”. EXPTE. 15929/333.

Visto o informe xurídico do 26/05/17 e informe de fiscalización do 06/06/17, dáse conta do informe-proposta do 1/06/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 31 de maio de 2017, devólvese o expediente 15929/333 dende o Servizo de Intervención indicando as seguintes observacións:

Na proposta hai un erro no importe detallado na segunda proposta da parte dispositiva do informe proposta de aprobación.

Á vista da observación realizada, a Concellería de deportes procede informar:

- Corrixíuse o erro no importe.*

Polo que a proposta queda reformulada como segue:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio ó expediente de subvención a favor da Federación Galega de Fútbol ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do evento de promoción do Fútbol “Copa Vigo de Fútbol 2017”, celebrada na cidade de Vigo entre os meses de maio e xuño de 2017.

A Federación Galega de Fútbol, é unha entidade privada con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, integrada polas entidades deportivas, deportistas, técnicos, adestradores, árbitros e outros colectivos dedicados, segundo o establecido nos seus

estatutos, á práctica do Fútbol, e ostenta a representación oficial da modalidade de fútbol no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia.

O obxecto social da Federación, según o que se detalla nos seus estatutos é colaborar coas administracións públicas na promoción do fútbol nas súas distintas disciplinas e especialidades, promover, dirixir e ordenar en Galicia as actividades propias da súa modalidade deportiva, en coordinación cos organismos correspondentes da Xunta de Galicia.

En liña co cumprimento dos seus obxectivos máis xenéricos, atopámonos que entre as competencias que a entidade ten outorgadas según a lexislación vixente, a Federación colaborará coa Administración deportiva de Galicia, entes locais e agrupacións deportivas escolares na organización e desenvolvemento dos programas xerais do deporte en calquera das súas especialidades vinculadas coa práctica do fútbol.

Unha actuación moi relevante que a Federación Galega de fútbol dinamiza anualmente en relación ó fomento e promoción do fútbol en xeral, e en concreto o fútbol afeccionado é a organización do evento "Copa Vigo", que este ano cumpriu a súa 84ª edición na modalidade masculina e a súa 5ª edición na modalidade feminina.

Esta competición converte á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do fútbol afeccionado da cidade, xa que nela participan a práctica totalidade de entidades con sede social na cidade, outorgando ademais á competición un enorme valor competitivo.

Na competición participaron máis de ao redor de 500 deportistas nas diferentes categorías, e convertendo a competición nun espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade seguido por numeroso público.

A importancia deste evento de promoción radica ademais no impulso que supón para unha modalidade historicamente moi arraigada na nosa comunidade en xeral, e na nosa cidade en particular, na que tradicionalmente houbo unha gran afección a este deporte.

Tendo en conta estas cuestións e atendendo ás actuacións vinculadas co desenvolvemento do proxecto deportivo, plantéase a presente proposta de resolución para a adxudicación dunha subvención por importe de 5.000,00 euros ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do evento de promoción "Copa Vigo" celebrada entre os meses de maio e xuño de 2017.

Tendo en conta estes criterios, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten o desenvolvemento de proxectos que poñan en valor o desenvolvemento de propostas deportivas de interés xeral para a cidade de Vigo, como a Copa Vigo, obxecto da presente proposta de subvención; Considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida polas entidades na cidade de Vigo, e atendendo á solicitude de subvención remitida pola Federación Galega de fútbol, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 5.000,00€ ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización da dito evento celebrado na cidade de Vigo nos meses de maio a xuño de 2017.

As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade a Federación Galega de Fútbol é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características tan particulares. Estas circunstancias xustifican que para o

desenvolvemento deste expediente, non resulte posible nin recomendable promover a concorrencia, pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concorren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención á Federación Galega de fútbol, co obxectivo de colaborar no financiamento dos gastos vinculados coa dinamización do proxecto.

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.*
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interés deportivo na cidade de Vigo.*
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.*
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.*

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei, para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, plantéase a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do proxecto de promoción do fútbol “Copa Vigo” celebrada entre os meses de maio e xuño de 2017.

A Federación Galega de Fútbol non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15929/333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto da Federación Galega de fútbol, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Federación Galega de fútbol é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como ó do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do proxecto deportivo de promoción do fútbol “Copa Vigo” celebrada na cidade de Vigo entre os meses de maio e xuño de 2017, debido o interés que para a cidade de Vigo teñen proxectos deportivos como o de referencia.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

A Federación Galega de fútbol presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades vinculadas co desenvolvemento do proxecto deportivo “Copa Vigo” e o destino previsto da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Federación Galega de fútbol das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

O Técnico responsable do servizo de Deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente expediente, emitirá un informe no que constatará a adecuada xustificación da subvención, e o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.*
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que ésta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.*
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.*
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.*

–Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:

- Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
- Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
- En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o texto da resolución proposta a favor da Federación Galega de Fútbol, co CIF: G15055890, para a concesión dunha subvención co obxecto de coadjuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto de promoción do fútbol “Copa Vigo” celebrada entre os meses de maio e xuño de 2017, de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadjuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo de promoción do fútbol “Copa Vigo ” celebrada entre os meses de maio e xuño de 2017.

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se

contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Federación Galega de fútbol é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como o do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que a Federación Galega de fútbol non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15929/333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo o 4 de decembro de 2017.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaron tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- *Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.*
- *Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que ésta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- *Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.*
- *Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.*
- *A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.*
- *Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:*
 - *Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.*
 - *Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o*

expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

- *En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

SEGUNDA: *Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 5.000,00 € a favor da Federación Galega de fútbol, co CIF: G15055890, con enderezo social na Rúa Menéndez Pelayo, 18, en A Coruña, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do Proxecto deportivo Copa Vigo, celebrada entre os meses de maio e xuño de 2017.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(567).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA A FAVOR DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN POLA DINAMIZACIÓN DO PROXECTO “BALONMÁN NA RÚA 2017”. EXPTE. 16066/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31/05/17 e informe de fiscalización do 06/06/17, dáse conta do informe-proposta do 29/05/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio ó expediente de subvención a favor da Federación Galega de Balonmán ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do evento de promoción do balonmán “Balonmán na Rúa” que se vai celebrar na cidade de Vigo no mes de xuño de 2017.

A Federación Galega de Balonmán, é unha entidade privada con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, integrada polas entidades deportivas, deportistas, técnicos, adestradores, árbitros e outros colectivos dedicados, según o establecido no art. 2 dos seus estatutos, á práctica do balonmán.

O obxecto social da Federación, según o que se detalla no art. 4 dos seus estatutos é promover, dirixir e ordenar en Galicia as actividades propias da súa modalidade deportiva, en coordinación cos organismos correspondentes da Xunta de Galicia.

En liña co cumprimento dos seus obxectivos máis xenéricos, atopámonos que entre as competencias que a entidade ten outorgadas según a lexislación vixente, a Federación colaborará coa Administración deportiva de Galicia, entes locais e agrupacións deportivas escolares na organización e desenvolvemento dos programas xerais do deporte en idade escolar.

Unha actuación moi relevante que a Federación Galega de Balonmán dinamiza anualmente en relación ó fomento e promoción do balonmán en xeral, e en concreto o balonmán de base é a organización do evento “Balonmán na Rúa”, que este ano elixiu a cidade de Vigo como sede para o vindeiro día 3 de xuño de 2017.

Esta competición converterá á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do balonmán de base a nivel provincial, xa que nela participarán un elevadísimo número de escolas e clubs de toda a provincia de Pontevedra, outorgando ademais á competición un enorme valor competitivo.

Na competición participarán máis de ao redor de 1.500 xóvenes balonmanistas nas diferentes categorías, e se estima que máis de 3.000 persoas acudirán ó que será un espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade.

A importancia deste evento de promoción radica ademais no impulso que supón para unha modalidade historicamente moi arraigada na nosa comunidade en xeral, e na nosa cidade en particular, na que tradicionalmente houbo unha gran afición a este deporte.

Tendo en conta estas cuestións e atendendo ás actuacións vinculadas co desenvolvemento do proxecto deportivo, plantéase a presente proposta de resolución para a adxudicación dunha subvención por importe de 6.000,00 euros ao obxecto de coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización do evento de promoción “Balonmán na Rúa” o vindeiro 3 de xuño de 2017.

Tendo en conta estes criterios, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten o desenvolvemento de proxectos que poñan en valor o desenvolvemento de propostas deportivas de interés xeral para a cidade de Vigo, como o Balonmán na Rúa, obxecto da presente proposta de subvención; Considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida polas entidades na cidade de Vigo, e atendendo á solicitude de subvención remitida pola Federación Galega de Balonmán, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de

6.000,00€ ao obxecto de coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización da dito evento que se celebrará na cidade de Vigo o 3 de xuño de 2017.

As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade a Federación Galega de Balonmán é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características tan particulares. Estas circunstancias xustifican que para o desenvolvemento deste expediente, non resulte posible nin recomendable promover a concorrência, pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concorren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención á Federación Galega de Balonmán, co obxectivo de colaborar na financiación dos gastos vinculados coa dinamización do proxecto.

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interés deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei, para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, plantéase a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización do proxecto de promoción do balonmán "Balonmán na Rúa" que se ten previsto celebrar o vindeiro 3 de xuño de 2017.

A Federación Galega de Balonmán non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 16066/333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto da Federación Galega de Balonmán, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Federación Galega de Balonmán é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como o do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización do proxecto deportivo de promoción do balonmán “Balonmán na Rúa” que se ten previsto celebrar na cidade de Vigo o 3 de xuño de 2017, debido o interese que para a cidade de Vigo teñen proxectos deportivos como o de referencia.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

A Federación Galega de Balonmán presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades vinculadas co desenvolvemento do proxecto deportivo "Balonmán na Rúa" e o destino previsto da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Federación Galega de Balonmán das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

O Técnico responsable do servizo de Deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente expediente, emitirá un informe no que constatará a adecuada xustificación da subvención, e o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.*
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que ésta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.*
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.*
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá*

substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

–Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:

- *Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.*
- *Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*
- *En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: *Aprobar o texto da resolución proposta a favor da Federación Galega de Balonmán, co CIF: G36690832, para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar na financiación dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto de promoción do balonmán “Balonmán na rúa” que se vai celebrar na cidade de Vigo o 3 de xuño de 2017, de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:*

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar na financiación dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo de promoción do balonmán “Balonmán na rúa” que se vai celebrar na cidade de Vigo o 3 de xuño de 2017.

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de

Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Federación Galega de Balonmán é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como o do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que a Federación Galega de Balonmán non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 16066/333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo ata tres meses da finalización do evento subvencionado.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorri-

dos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- *Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.*
- *Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que ésta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- *Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.*
- *Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.*
- *A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.*
- *Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:*
 - *Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.*
 - *Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal*

indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

- *En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa aprezoación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

SEGUNDA: *Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 6.000,00 € a favor da Federación Galega de Balonmán, co CIF: G36690832, con enderezo social na Rúa Fotógrafo Luís Kasado, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización do Proxecto deportivo Balonmán na Rúa que se vai celebrar na cidade de Vigo o 3 de xuño de 2017.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(568).- PROXECTO DE CONVENIO CO CLUB DEPORTIVO DA POLICÍA LOCAL DE VIGO PARA COLABORAR CO FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCACIONADOS POLO DESENVOLVEMENTO DO SEU PROXECTO DE PARTICIPACIÓN NOS XOGOS MUNDIAIS DE POLICÍA E BOMBEIROS NA CIDADE DE LOS ÁNGELES. EXPTE. 16067/333.

Visto o informe xurídico do 31/05/17 e informe de fiscalización do 06/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 29/05/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio ó expediente de subvención a favor do Club Deportivo da Policía Local de Vigo polo desenvolvemento do seu proxecto de participación nos Xogos Mundiais de Policías e Bombeiros que vai ter lugar no mes de agosto na cidade de Los Ángeles.

O Club Deportivo da Policía Local de Vigo, é unha asociación privada con personalidade xurídica, capacidade de obrar e sen ánimo de lucro, que ten por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario.

Entre as actuacións enmarcadas nos estatutos da entidade, atopamos que practicará como principal modalidade deportiva a de Fútbol, así como atletismo, boxeo, petanca e pádel, entre outras.

Vinculada a estes obxectivos, atopamos que a entidade, como parte do seu proxecto de actividade anual, promove e dinamiza a participación dunha representación da policía Local de Vigo nos Xogos Mundiais de Policías e Bombeiros que se celebrarán en Los Ángeles no mes de agosto.

O Club Deportivo da Policía Local de Vigo, única entidade da cidade que desenvolve un proxecto como este, de gran nivel de participación e de ámbito internacional vai representar ó Concello de Vigo, no Xogos Mundiais de Policías e Bombeiros. Neste campionato participarán equipos representantes de todo o mundo, cunha previsión de máis de 16.000 deportistas, e converterase, durante a súa celebración no foco de atención das diferentes modalidades a nivel internacional no seu ámbito, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo, e cunha importante repercusión, xa que no campionato participarán os mellores representantes de cada un dos países participantes.

O Concello de Vigo atopa criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción, fomento e dinamización da actividade físico-deportiva na cidade de Vigo.

Tendo en conta estes criterios, atendendo á participación do Club Deportivo da Policía Local nos Xogos Mundiais de Policías e Bombeiros representando á cidade de Vigo, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida polas entidades da cidade de Vigo, e atendendo á solicitude de subvención remitida pola dita entidade, plantéase a presente proposta para a adxudicación

dunha subvención por importe de 2.500,00€ ao obxecto de colaborar coa financiamento dos gastos que supón a participación no proxecto deportivo de referencia.

As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade o Club Deportivo da Policía Local é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características particulares. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concorren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención á entidade Club Deportivo da Policía Local co obxectivo de colaborar na financiamento dos gastos ocasionados pola dinamización do proxecto.

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interés deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte-ocio na cidade de Vigo.
 - Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei, para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, plantéase a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar no financiamento dos gastos xerados polo desenvolvemento do seu proxecto deportivo.

O Club Deportivo da Policía Local non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 16067/333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto do Club Deportivo da Policía Local, o Concello de

Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta proposta de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *"Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos"*.

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade o Club Deportivo da Policía Local é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como o do obxecto da subvención proposta, polo que a subvención se establece mediante un convenio de subvención, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade. A subvención que regula o convenio proposto non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que o Club Deportivo da Policía Local é a única entidade da cidade na actividade de referencia.

O obxecto da presente proposta de subvención é colaborar fundamentalmente no financiamento dos gastos vinculados á participación dunha selección de deportistas do Club Deportivo da Policía Local de Vigo que representarán ó Concello de Vigo, vinculados á competición Xogos Mundiais de Policías e Bombeiros.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

O Club Deportivo da Policía Local presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades a realizar e o destino da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte do Club Deportivo da Policía Local das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
- Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto do presente convenio.
- Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

- En xeral os documentos xustificativos correspóndense con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo a través da Concellería de deportes e o Club Deportivo da Policía Local, co CIF: G36912459, para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar o proxecto de participación nos Xogos Mundiais de Policía e Bombeiros.

SEGUNDA: Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 2.500,00 € a favor do Club Deportivo da Policía Local, co CIF: G-36912459, con enderezo social na Praza do Rei, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para o desenvolvemento do proxecto de participación nos Xogos Mundiais de Policía e Bombeiros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CLUB DEPORTIVO DA POLICÍA LOCAL DE VIGO CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POLO DESENVOLVEMENTO DO SEU PROXECTO DE PARTICIPACIÓN NOS XOGOS MUNDIAIS DE POLICÍA E BOMBEIROS NA CIDADE DE LOS ÁNGELES. (EXPTE: 16067/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a _____ de dous mil dezasete.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, na súa calidade de Concelleiro Delegado de Deportes do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H) por Delegación da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don Emilio Herrera Oya, como presidente do Club deportivo da Policía Local de Vigo, CIF nº G-36912459 e enderezo social na Praza do Rei, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 16067/333.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

MANIFESTAN

I.- Que o Club Deportivo da Policía Local de Vigo, é unha asociación privada con personalidade xurídica, capacidade de obrar e sen ánimo de lucro, que ten por obxecto primordial o fomento e

o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario.

Entre as actuacións enmarcadas nos estatutos da entidade, atopamos que practicará como principal modalidade deportiva a de Fútbol, así como atletismo, boxeo, petanca e pádel, entre outras.

Vinculada a estes obxectivos, atopamos que a entidade, como parte do seu proxecto de actividade anual, promove e dinamiza a participación dunha representación da policía Local de Vigo nos Xogos Mundiais de Policía e Bombeiros que se celebrarán en Los Ángeles no mes de agosto.

II.- Que no mes de agosto de 2017, a entidade, única da cidade que desenvolve un proxecto como este, de gran nivel de participación e de ámbito internacional, vai representar ó Concello de Vigo, no Xogos Mundiais de Policía e Bombeiros.

Neste campionato participarán equipos representantes de todo o mundo, cunha previsión de máis de 16.000 deportistas, e converterase, durante a súa celebración no foco de atención das diferentes modalidades a nivel internacional no seu ámbito, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo, e cunha importante repercusión, xa que no campionato participarán os mellores representantes de cada un dos países participantes.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de competición.*
- Conseguir que o colectivo da cidadanía de Vigo, conte cun proxecto deportivo no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun mapa de actividade deportiva no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é colaborar co financiamento dos gastos ocasionados polo desenvolvemento do evento, o cal xustifica que para o desenvolvemento deste expediente, non resulta posible nin recomendable promover a concorrencia pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa.

VI.- Que o Club Deportivo da Policía local de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentas con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade do Club Deportivo da Policía local de Vigo, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- O Club Deportivo da Policía local de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Desenvolver a actuación obxecto principal da subvención, representar ó Concello de Vigo no Xogos Mundiais de Policías e Bombeiros entre o 7 e o 16 de agosto de 2017.

2º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que poidan ter vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

3º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

4º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades vinculadas co obxecto do convenio, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Conceder ó Club Deportivo da Policía local de Vigo unha subvención polo importe de 2.500,00€, en concepto de subvención directa en base ó convenio para o desenvolvemento do proxecto de participación nos "Xogos Mundiais de Policías e Bombeiros 2017". Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento. Para o procedemento de xustificación e pago do importe da subvención, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe (Concello de Vigo) nos ámbitos de promoción do Club deportivo da Policía Local de Vigo (revista, web, etc).

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos no prazo comprendido entre a sinatura do convenio e os tres meses posteriores á finalización do programa. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de euros.

A entidade deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 do procedemento administrativo Común das administracións públicas.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e os tres meses posteriores á finalización do programa.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e

o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de ___ de 2017.

7(569).- DÁSE CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE MAIO DE 2017. EXPTE. 6996/335.

Dáse conta do informe-proposta de data 5/06/17, asinado polo técnico medio de Xestión, a Xefa do Servizo de Festas e a concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2017, aprobadas polo Pleno con data 27/12/2016, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas, autorizados pola concelleira delegada de Festas, o mes de maio de 2017.

Expte: 6905/335. CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DO CONCERTO DE MORAT CON MOTIVO DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2017
Decreto concelleira data: 12/05/2017
Informe Intervención: RCM 41609
Adxudicatario: CATEGÓRICA PRODUCCIONES SL
Importe total: 5.000,00 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

8(570).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE IGUALDADE DURANTE OS MESES DE MARZO, ABRIL E MAIO DE 2017. EXPTE. 7691/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 6/06/17, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

INFORME:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, nos meses de marzo, abril e maio do ano 2017.

Expte.	Tipo	Asunto	Adjudicatario/a/o	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
7582-224	CMSE	Proxecto "MAGAS"	Polo correo do vento, SC	23112279906	02/03/17	1.199,72 €
7589-224	CMSE	Servizos e suministros para a realización de accións a prol da igualdade no deporte	Xenérico	23112260600	06/03/17	5.000,00 €
7597-224	CMSE	Curso de fotografía do programa "Ser muller é unha boa idea"	Ana Isabel Pérez Rodríguez	23112260600	10/03/17	720,00 €
7598-224	CMSE	Curso de debuxo, retrato e caricatura do programa "Ser muller é unha boa idea"	Mª Carmen Lamas Estévez	23112260600	10/03/17	720,00 €
7603-224	CMSE	Curso de risoterapia do programa "Ser muller é unha boa idea"	Mª Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	15/03/17	720,00 €
7613-224	CMSE	Curso de autoestima do programa "Ser muller é unha boa idea"	Asociación de Mulleres Monitoras	23112260600	24/03/17	720,00 €
7624-224	CMSE	Estudo e traballo técnico da auditoría sociolaboral de xénero 2016	Eclos Consulting Group	23112270601	10/04/17	20.328,00 €
7640-224	CMSE	Curso informática do programa "Ser muller é unha boa idea"	Uxía Cazorla Silva	23112260600	11/04/17	720,00 €
7639-224	CMSE	Curso coñecemento do medio do programa "Ser muller é unha boa idea"	Purificación Pérez Glez.	23112260600	11/04/17	720,00 €
7648-224	CMSE	Módulo de Igualdade do programa "Ser muller é unha boa idea"	Cristina Rodríguez Ramos	23112260600	21/04/17	432,00 €
7649-224	CMSE	Obradoiro prevención da violencia de xénero	Ianire Estebáñez Castaño	23112279906	27/04/17	3.000,00 €
7652-224	CMSE	Adquisición e instalación dunha estrutura cúbica no parque "Mª Xosé Queizán"	Roberto Dacosta Alfaya	23112219900	28/04/17	2.873,75 €
7667-224	CMSE	Reparación e mantemento dos elementos que integran o roteiro feminino "sons de mulleres"	Van Divulgación Cultural, SL	23112100000	29/05/17	1.240,25 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

9(571).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE IGUALDADE DURANTE OS MESES DE MARZO, ABRIL E MAIO DE 2017. EXPTE. 2271/334.

Dáse conta do informe-proposta de data 6/06/17, asinado pola técnica do Servizo de Normalización Lingüística e a concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, aprobadas polo Pleno con data 28/02/2005, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, nos meses de marzo, abril e maio de 2017.

Expediente	2225-334. Actividades do Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo-COIV
Decreto concelleira	data 15 de marzo de 2017
Informe Intervención	RC 27002
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	8.000,00 euros

Expediente	2233-334. <i>Unha lección de cine</i> actividade de dinamización da lingua galega dirixida ao alumnado dos centros de ensino de Vigo
Decreto concelleira	data 7 de marzo de 2017
Informe Intervención	RC 24903
Adxudicatario	Cine Club Lumière
Importe	550,00 euros

Expediente	2241-334. Obradoiros de escrita creativa dirixidos a persoas adultas
Decreto concelleira	data 12 de abril de 2017
Informe Intervención	RC 35867
Adxudicatario	Clara Isabel Rodríguez Giráldez
Importe	1.440,00 euros

Expediente	2244-334. Impresión e duplicado de CDs, que conteñen as 8 unidades didácticas de <i>Historias para coñecermos Vigo</i>
Decreto concelleira	data 12 de abril de 2017
Informe Intervención	RC 35868
Adxudicatario	Tórculo, comunicación gráfica, S.A.

Importe	661,43 euros
Expediente	2246-334. Merca de 9.000 libros de Carlos Casares, <i>Vigo: a man da xente</i>
Decreto concelleira	data 12 de abril de 2017
Informe Intervención	RC 35875
Adxudicatario	Editorial Galaxia
Importe	8.200,00 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

10(572).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DO ALUGUEIRO DO SEU LOCAL SOCIAL.EXPTE. 7570/320.

Visto o informe xurídico do 23/05/17 e informe de fiscalización do 31/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 01/06/17, asinado polo xefe do servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 11/04/2017 (doc. 170053910), D. Alejandro Cabo Macías, en calidade de presidente da “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” (CIF: G-36801876) e na súa representación, achegou escrito solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o fomento das súas actividades para o ano 2017, que se concretará na axuda ao financiamento dos gastos de aluguer do seu local social entre os meses de xaneiro a outubro de 2017, necesarios para o desenvolvemento daquelas.

Con data 23/05/2017, o Secretario da Administración Municipal emitiu informe xurídico favorable á proposta de convenio.

Asemade, examinado o expediente polo departamento de Intervención, o 31/05/2017 formula unha observación:

“A cláusula 15 do convenio remítese ao RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, pero logo da súa derogación, entenderase referida á Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas”.

Con data 01/06/2017 modifícase a citada cláusula, quedando así emendada a observación feita polo servizo de intervención.

Por último, o técnico, que subscribe da traslado, para o seu coñecemento, das conclusións expostas polo servizo de Intervención no seu informe, en relación co carácter excepcional desta forma de concesión de subvención.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións.

RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexeráse polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD

887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.

MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2017) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2016, inclúe expresamente a partida 9240 4800003 “Convenio Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”, cunha dotación de 3.600,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 1216/14, segundo resolución da Alcaldía de data 16/05/2014.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa “Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” para subvencionar os gastos de aluguer do local social, necesarios para levar a cabo as actividades, dirixidas a apoiar e promover empresas, apoiar o espírito emprendedor e as súas iniciativas, asesorar, informar..., programadas pola entidade para xaneiro - outubro 2017, en definitiva, para o fomento das súas actividades.

Segundo recolle o art. 10 dos Estatutos da "Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad" contempla, os fins e actividades da entidade , que constitúen o seu obxecto social e cuxa realización se subvenciona con este convenio, todos eles de interese para cidadanía viguesa, como son promover vocacións empresariais, representar, xestionar e defender os intereses profesionais dos seus membros, estudar e apoiar proxectos, atender as necesidades de formación e información, asesoramento, investigación e perfeccionamento dos seus membros, cooperar con diferentes organizacións e promover a creación de emprego.

Neste caso, o obxecto do convenio e o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2017, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social entre os meses de xaneiro a outubro de 2017, situado na Rúa Marqués de Valladares nº 21 oficina 5-6, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público e social.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a "Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad" nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

Entre os recursos para o financiamento de actividades a entidades sen ánimo de lucro, figura no vixente orzamento municipal, a partida presupostaria nominativa nº 9240 4800003, denominada "Convenio Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad", cunha dotación orzamentaria de 3.600,00 €.

DOCUMENTACIÓN

A "Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad ", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- 1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:*
 - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 15/03/17*
 - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 12/12/17*
 - Seguridade Social, de data 15/03/17*
 - Concello de Vigo, de data 04/05/17*

- 2. Declaración responsable da presidenta da entidade, de data 03/05/17, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro.*

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. *Solicitud expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio e nomeamento da persoa responsable da sinatura do convenio (anexo I).*
2. *Declaración responsable e autorización (anexo II).*
3. *Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo III).*
4. *Certificación bancaria do número de conta da entidade ou asociación.*
5. *Contrato de aluguer do local social (só no suposto de locais alugados).*
6. *Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:*

- a) *Fundamentación, obxectivos e metas*
- b) *Descrición da actividade, datas de inicio e finalización, participantes asistentes*
- c) *Lugar de realización*
- d) *Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)*
- e) *Recursos humanos e materiais*
- f) *Sistemas de avaliación, etc.*

7. *Proxecto de actividades da entidade para o ano 2017, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, realizados entre os meses de xaneiro a outubro (ámbolos dous incluídos). O orzamento de gastos de aluguer que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:*

<i>ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (xaneiro- outubro 2017)</i>	
<i>Arrendamento local</i>	<i>3.692,00 €</i>
TOTAL	3.692,00 €

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

ANTICIPO

Non se contempla a posibilidade de anticipo.

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de outubro de 2017, son gastos subvencionables aqueles que se realicen

entre o 01/01/17 e o 31/10/17, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o 3 de novembro de 2017.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa presentarase en calquera dos lugares previstos no art. 16 da Lei 39/2015, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES68 2080 5000 6230 4033 4096 (ABANCA), segundo código de conta cliente de data 16/03/2017, emitido pola entidade bancaria.

NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos presuposto.

RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28

de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 20.2 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18º da Resolución de delegacións do alcalde de data 19/06/2015, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 3.600 € (tres mil seiscentos euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.4800003, denominada “Convenio Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”, incluída no vixente orzamento municipal (2017), a favor da entidade “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” (CIF.- G-36801876), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2017, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social entre os meses de xaneiro a outubro de 2017, situado na Rúa Marqués de Valladares 21 – 1º oficinas 5-6, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 3.600 € (tres mil seiscentos euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015,

de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL NECESARIO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O ANO 2017

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezasete

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Alejandro Cabo Macías, con DNI 36163500W, en calidade de Presidente da "Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad" (CIF: G36801876), con domicilio social Rúa Marqués de Valladares 21 oficina 5-6, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 7570/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar asociacións destinadas a apoiar e promover empresas, apoiar o espírito emprendedor e as súas iniciativas, atendendo as súas consultas e canalizar as súas inquietudes mediante asesoramento e información para constituír unha empresa, orientación, oferta..., en definitiva, representar e defender os intereses dos empresarios de Vigo e Mancomunidade.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e Democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos mozos e mozas emprendedores e empresarios vigueses.

IV.- Que a entidade "Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidade", de conformidade co art. 10 dos Estatutos, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- Promover vocacións empresariais.
- Representar, xestionar e defender os intereses profesionais dos seus membros.
- Estudar, apoiar e desenrolar proxectos concretos presentados polos seus socios.
- Servir de órgano de unión e coordinación entre os seus membros, fomentando o espírito de solidariedade entre os mesmos.
- Atender as necesidades de información, formación, asesoramento, investigación e perfeccionamento dos seus membros, estudando e divulgando cantos temas poidan afectar a este colectivo social e a os seus afiliados.
- Actuar en apoio a defensa da empresa galega, con independencia da Administración Pública e calquera grupo de presión o partido político.
- Fomentar e apoiar o sistema de libre iniciativa e a economía de mercado.
- Cooperar coas diferentes organizacións sociais en orden a conseguir un crecemento estable e un adecuado nivel de calidade de vida dentro do entorno de paz social necesaria.
- Promover a creación de emprego.

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a "Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidade" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 1216/14 no epígrafe 5.2.

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade "Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidade" leve a cabo os proxectos e actividades planificadas para o 2017, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4800003, denominada “Convenio Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” nominativa a favor da entidade, con unha asignación presupostaria de 3.600,00 €.

VIII.- As actividades programadas pola “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” para o 2017, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, o son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

1. Vitaminas formativas
2. Talleres
3. Aula de emprendedores
4. Charlas, compartir experiencias
5. Networking

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, entre os meses de xaneiro a outubro de 2017, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, cuxa contía, segundo orzamento de gastos achegado, é:

ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (xaneiro- outubro 2017)	
Arrendamento local	3.692,00 €
TOTAL	3.692,00 €

X.- Que a entidade “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” non incorra en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo, ... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito de apoiar e promover empresas, apoiar o espírito emprendedor e as súas iniciativas, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” comprométese a colaborar coa concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación

Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

- 1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
- 3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.*
- 6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
- 7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.*
- 8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1. Conceder directamente á entidade "Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad" unha subvención por importe de 3.600 € (tres mil seiscientos euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800003, denominada "Convenio Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social entre os meses de xaneiro a outubro de 2017, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, en definitiva, para o fomento das mesmas.*
- 2. Respectar a estrutura organizativa da "Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad".*

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

- 1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.*

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2017.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2017.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.

2. Datos e lugar de celebración.

3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.

4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.

5. Actuacións realizadas.

6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.

8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista da subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE

- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES68 2080 5000 6230 4033 4096 (ABANCA).

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser

debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2017, no período comprendido entre o 01/01/17 e o 31/10/17.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2017, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2017.

11(573).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2017 E OS GASTOS DE MANTEMENTO RELACIONADOS CO SEU DESENVOLVEMENTO. EXPTE. 7557/320.

Visto o informe xurídico do 2/05/17 e informe de fiscalización do 29/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 01/06/17, asinado polo xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e o concelleiro-delegado de Participación Cidadá, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 02/03/17, D. José Luis Fernández Celis con DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia e en nome de Unión Comarcal de UGT de Vigo (CIF: G-15383011), achegou solicitude (doc.170030700), para a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Vigo (Participación Cidadá), para axudar ao financiamento das actividades da entidade para o ano 2017, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento, realizados entre xaneiro e outubro, mediante unha achega económica de 15.000 €.

Segundo certificación do Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia, de data 23/02/17, a Comisión Executiva acordou solicitar a formalización do referido convenio e nomear a D. José Luis Fernández Celis, como a persoa responsable da sinatura do convenio, así como, para calquera outra xestión que deba realizar a en-

tidade ante esta administración concedente, relativa á tramitación do convenio de colaboración.

Con data 02/05/2017, o Secretario da Administración Municipal emitiu informe xurídico favorable á proposta de convenio.

Asemade, examinado o expediente polo departamento de Intervención, o 29/05/2017 formula unha observación:

“A cláusula primeira do Convenio establece como obriga da beneficiaria contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros, polo que con anterioridade ao sometemento do expediente ao coñecemento da Xunta de Goberno Local, a entidade deberá achegar a correspondente póliza así como recibo que acredite a vixencia do seguro”.

Con data 01/06/2017, a Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo, achega copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e o recibo que acredita a vixencia do seguro, quedando así emendada a observación feita polo servizo de intervención.

Por último, o técnico, que subscribe da traslado, para o seu coñecemento, das conclusións expostas polo servizo de Intervención no seu informe, en relación co carácter excepcional desta forma de concesión de subvención.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administración de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores*.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias

de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes: 1085/320 (1999/2003), 2306/320 (2004/06), 3197/320 (2007), 3394/320 (2008), 4354/320 (2009), 4693/320 (2010), 5213/320 (2011), 5793/320 (2012), 6293/320 (2013), 6712/320 (2014), 7141/320 (2015) e 7383/320 (2016).

RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

A concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerese polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En cumprimento do disposto nos art. 65.3 da LXS e 26.2 a) da LSG e das Bases de execución do presuposto, apartado 38ª.4.2 das BEP, o texto do convenio que se achega para a súa aprobación contén, a lo menos, os seguintes extremos:

- determinación do obxecto da subvención
- réxime xurídico aplicable
- beneficiarios e modalidade de axuda
- crédito orzamentario
- compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas
- prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario e forma de pago

Polo que se refire aos órganos competentes para a concesión das axudas, si ben, tanto a Lei 38/2003 como a Lei 9/2007, nos seus respectivos artigos 3, contemplan no seu ámbito obxectivo de aplicación, ás entidades locais, ao mesmo tempo, remiten a regulación dos concretos órganos competentes para a concesión das subvencións, no ámbito local, á normativa específica integrada pola lexislación de réxime local (artigos 7.4 da Lei 38/03 e 10.4 da Lei 9/07).

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, que no seu apartado 1.3º, dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a "aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados".

Ademais, en virtude do disposto no apartado 4.18º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015 se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios de colaboración que deban subscribirse con entidades privadas, e que teñan por obxecto a concesión dunha subvención municipal que financie en parte unha iniciativa, proxecto ou actividade de interese público municipal que complemente os servizos municipais. Finalmente, o convenio será asinado polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue, en representación do Concello de Vigo.

MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2017) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2016, inclúe expresamente a partida 9240 4800004 “Convenio UXT”, cunha dotación de 15.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Consultado os arquivos da Oficina de Participación Cidadá, consta que a beneficiaria da subvención, a Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 488/96, segundo Decreto de Alcaldía de data 30/09/96.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto do convenio e o fomento das actividades programados pola entidade para o ano 2017, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público, social e económico.

Segundo recolle os arts. 9 dos Estatutos da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Galicia, a Unión Comarcal de Vigo, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Desenvolvemento e aseguramento do Estado social e democrático de Dereito.
- ✓ Impulsar políticas xerais que afecten ao conxunto da clase traballadora e persigan a mellora e transformación da sociedade.

- ✓ Representar os intereses da clase traballadora na política social, sanitaria e educativa, en materia de emprego, seguridade social, políticas de mercado de traballo e saúde laboral.
- ✓ Exercer unha especial defensa das reivindicacións das mulleres e da mocidade, evitando a discriminación por razón de sexo ou idade.
- ✓ Defender os dereitos das persoas maiores, traballando para garantir a súa suficiencia económica e benestar.
- ✓ Perseguir a integración laboral e social das persoas con discapacidade e das minorías e colectivos marxinados.
- ✓ Promover a integración social das persoas traballadoras e estranxeiras en igualdade de condicións que as galegas.
- ✓ Esixir dos poderes públicos condicións para facer realidade o dereito das persoas traballadoras a gozar dunha vivenda digna e adecuada.
- ✓ Demandar dos poderes públicos unha política orientada ao pleno emprego, e unha distribución da renda rexional e persoal mais equitativa, que garanta o progreso social e económico (...).

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a asociación, nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O vixente exercicio presupostario (2017) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2016, inclúe expresamente a partida 9240 4800004 "Convenio UGT", cunha dotación de 15.000,00 €.

DOCUMENTACIÓN

A *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo*, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38^a.9 das BEP, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 01/02/17
 - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 01/02/17
 - Seguridade Social, de data 01/02/17
 - Concello de Vigo, de data 07/04/17
2. Declaración responsable da presidenta da entidade, de data 23/02/17, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio e nomeamento da persoa responsable da sinatura do convenio (anexo I).
2. Declaración responsable e autorización (anexo II).
3. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo III).
4. Certificación bancaria do número de conta da entidade ou asociación.
5. Contrato de traballo.
6. Certificación da Secretaria de Igualdade, Xuventude e Movemento Sociais da Comisión Executiva da UXT sobre composición da Comisión Xestora da Unión de UXT de Vigo.
7. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización, participantes asistentes
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

8. Proxecto de actividades da entidade para o ano 2017, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento, directamente relacionados. Comprende campos de actuación da entidade, denominación das actividades e data de celebración. O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ACTIVIDADES E ORZAMENTO GASTOS 2017 (XANEIRO-OUTUBRO)		
Custos salariais	Servizo de Atención Cidadá	14.700,00 €
Xornadas	“Prevenición de Riscos Laborais”	650,00 €
	“Prevenición de Riscos Laborais-Acoso Laboral”	650,00 €
Mantemento	Gastos correntes: luz, teléfono, limpeza, auga	500,00 €
TOTAL		16.500,00 €

ANTICIPO

Non se contempla a posibilidade de anticipo.

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio despreza a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de outubro de 2017, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/01/17 e o 31/10/17, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o 3 de novembro de 2017.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa presentarase en calquera dos lugares previstos no art. 16 da Lei 39/2015, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38^a.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES10 0182 5947 120010030140 (BBVA), segundo código de conta cliente de data 24/02/2017, emitido pola entidade bancaria.

NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18 da Resolución de delegacións do Alcalde de data 19/06/15, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4800004, denominada "Convenio UXT", incluída no vixente orzamento municipal de 2017, a favor do sindicato *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo*.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo* (CIF.- G-15383011), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2017, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2017, ASÍ COMO, DE MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO, REALIZADOS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezasete

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. José Luis Fernández Celis, con DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia, con CIF: G-15383011 e domicilio social na Rúa E. Heraclio Botana, 2 / Avda. García Barbón, 67, de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 7557/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, unións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, laborais, informativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo

e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a

aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar sindicatos e afiliarse ao da súa elección, así como, aos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais o de contribuír á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, nun Estado Social e Democrático de dereito, no que a participación sindical se considera fundamental.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de políticas sociais de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos traballadores e a reivindicación de políticas de pleno emprego, sendo a Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

IV.- Que a entidade Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo, de conformidade co art. 8 dos Estatutos de UXT Galicia, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Desenvolvemento e asesoramento do Estado social e democrático de Dereito.*
- ✓ Impulsar políticas xerais que afecten ao conxunto da clase traballadora e persigan a mellora e transformación da sociedade.*
- ✓ Representar os intereses da clase traballadora na política social, sanitaria e educativa, en materia de emprego, seguridade social, políticas de mercado de traballo e saúde laboral.*
- ✓ Exercer unha especial defensa das reivindicacións das mulleres e da mocidade, evitando a discriminación por razón de sexo ou idade.*
- ✓ Defender os dereitos das persoas maiores, traballando para garantir a súa suficiencia económica e benestar.*
- ✓ Perseguir a integración laboral e social das persoas con discapacidade e das minorías e colectivos marxidados.*
- ✓ Promover a integración social das persoas traballadoras e estranxeiras en igualdade de condicións que as galegas.*
- ✓ Esixir dos poderes públicos condicións para facer realidade o dereito das persoas traballadoras a gozar dunha vivenda digna e adecuada.*

- ✓ Demandar dos poderes públicos unha política orientada ao pleno emprego, e unha distribución da renda rexional e persoal mais equitativa, que garanta o progreso social e económico (...).*

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 30/09/96, a Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 488/06.

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo leve a cabo os seus proxectos planificados para o ano 2017, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos xerados polas súas actividades, así como, de mantemento, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- As actividades programadas pola Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo para o 2017, que fundamentan a concesión da subvención son, con carácter xeral, segundo proxecto e orzamento incorporado ao expediente:

ACTIVIDADES E ORZAMENTO GASTOS 2017 (XANEIRO-OUTUBRO)		
Custos salariais	Servizo de Atención Cidadá	14.700,00 €
Xornadas	“Prevención de Riscos Laborais”	650,00 €
	“Prevención de Riscos Laborais-Acoso Laboral”	650,00 €
Mantemento	Gastos correntes: luz, teléfono, limpeza, auga	500,00 €
TOTAL		16.500,00 €

VIII.- Que o Concello de Vigo prevé, do seu vixente orzamento municipal (2017), a partida orzamentaria nº 9240.4800004, denominada “Convenio Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo”, nominativa a favor da entidade, cunha consignación presupostaria de 15.000,00 €.

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen

as condicións e compromisos aplicables, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade para o ano 2017, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento, directamente relacionados, realizados entres os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o seu desenvolvemento.

X.- Que a entidade Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo non incorre en ningunha circunstancia e prohibición recollida no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coa administración estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, económico, que para a cidade de Vigo, representan as actividades que desenvolve a entidade Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo, o Concello de Vigo e a devandita

asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

- 1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
- 3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 5. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.*
- 6. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.*
- 7. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.*
- 8. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
- 9. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*
- 10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1. Conceder directamente á entidade Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria nº 9240.4800004, denominada "Convenio Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo", do vixente orzamento municipal (2017), co obxecto*

de colaborar ao financiamento dos gastos xerados polas actividades da entidade para o 2017, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, necesarios para o seu desenvolvemento, realizados entre xaneiro e outubro, en definitiva, para o fomento das súas actividades.

2. Respetar a estrutura organizativa da Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo.

3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a

concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do

logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, con carácter permanente, durante a vixencia do convenio, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades do sindicato para o 2017.

Oitavo- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2017.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.*
- 2. Datas e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.*

c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) *Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:*

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impoñible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención*
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)*
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria*

- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro.

Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- *Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- *No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente co código IBAN ES10 0182 5947 1200 1003 0140 (BBVA).

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2017, no período comprendido entre o 01/01/17 e o 31/10/17.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2017, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadriplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2017.

12(574).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE MÚSICA CLÁSICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO I CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO “CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 1229/330.

Visto o informe xurídico do 08/06/17 e informe de fiscalización do 12/06/17, dáse conta do informe-proposta do 06/06/17, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data do Rexistro Xeral 29 de marzo pasado, a Asociación Música Clásica presenta escrito de solicitude de subvención para o programa *I CONCURSO DE PIANO “CIDADE DE VIGO”* a realizar durante o exercicio 2017; por este motivo, con data 5 de maio, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 5.000 €, e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

ANTECEDENTES.-

A ASOCIACIÓN MÚSICA CLÁSICA é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais realizar actividades de promoción e difusión da música clásica en Galicia, contando con artistas nacionais e internacionais, e organizando actividades de proxección internacional; motivo polo que organizan neste ano 2017 o *I CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO “CIDADE DE VIGO”* na cidade de Vigo.

PROGRAMA:

O *I CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO “CIDADE DE VIGO”* desenvolverase do 8 ao 12 de abril no Auditorio “Martín Códax” do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 17.619,20 € (dezasete mil seiscentos dezanova euros con vinte céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 5.000 € (28,38%)
- Xunta de Galicia: 3.000 € (17,03 %)
- Patrocinios privados: 4.500 € (25,54%)
- Inscripcións: 5.119,20 € (29,05%)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do director
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento.
- Escrito da Asociación Música Clásica de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa *I CONCURSO DE PIANO "CIDADE DE VIGO"*.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación Música Clásica, para a organización do programa *I CONCURSO DE PIANO "CIDADE DE VIGO"*, obxecto do presente convenio, rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación Música Clásica deberá axustarse ao previsto no art. 22. apartado 2. c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, en base a:

- o interese público, social e cultural que supón a actividade proposta para a cidade de Vigo.
- a repercusión a nivel nacional e internacional no ámbito da música que supón a actividade proposta.
- a complementariedade que supón a actividade proposta para a programación cultural municipal.

Por todo o exposto, considérase que non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

Dado que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións, inclúese o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Asociación Música Clásica ten como obxecto financiar a organización do programa I CONCURSO DE PIANO "CIDADE DE VIGO" con cargo á partida 3340.489.00.06 "SUBVENCIÓN CULTURAL", a concesión dunha subvención por importe de 5.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Asociación Música Clásica é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 5.000 € (cinco mil euros) á Asociación Música Clásica, CIF. G-27813286, para o financiamento do programa I CONCURSO DE PIANO "CIDADE DE VIGO", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.06 "SUBVENCIÓN CULTURAL", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Música Clásica que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa I CONCURSO DE PIANO "CIDADE DE VIGO".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN MÚSICA CLÁSICA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO I CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO "CIDADE DE VIGO"

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezasete

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de

2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Pablo Galdo Vigo, na súa condición de presidente da Asociación Música Clásica (CIF: G-27813286) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social en Amariz Loureiro, número 6, San Miguel de Oia, CP 36390, da cidade de Vigo, e actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a **ASOCIACIÓN MÚSICA CLÁSICA** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais realizar actividades de promoción e difusión da música clásica en Galicia, contando con artistas nacionais e internacionais, e organizando actividades de proxección internacional; motivo polo que organizan neste ano 2017 o **I CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO “CIDADE DE VIGO”** na cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **ASOCIACIÓN MÚSICA CLÁSICA**, concretamente no **I CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO “CIDADE DE VIGO”**, como medio que é de promover e dinamizar a música e a cultura na cidade.

III.- Que con esta finalidade o Concello de Vigo colaborará no citado programa con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.06 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, a favor da **ASOCIACIÓN MÚSICA CLÁSICA**, coa cantidade de 5.000 euros.

IV.- Que o **ASOCIACIÓN MÚSICA CLÁSICA** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o I CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO “CIDADE DE VIGO” durante o exercicio 2017, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 17.619,20 € (dezasete mil seiscientos dezanova euros con vinte céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 5.000 € (28,38%)*
- Xunta de Galicia: 3.000 € (17,03 %)*
- Patrocinios privados: 4.500 € (25,54%)*
- Inscripcións: 5.119,20 € (29,05%)*

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

O I CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO “CIDADE DE VIGO” desenvolverase do 8 ao 12 de abril no Auditorio “Martín Códax” do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

•Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Pablo Galdo Vigo, presidente da mesma.

•Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).*
- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.*
- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.*
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en*

todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (5.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- *Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 30 de novembro de 2017.*
- *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- *Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*
 1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
 2. *Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
 3. *Memoria de prensa.*
 4. *Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
 5. *Reportaxe fotográfica.*
- *Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.*
- *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*
- *As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*
- *Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.*
- *Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2017 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei

39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO ORZAMENTO DO PROGRAMA I CONCURSO DE PIANO "CIDADE DE VIGO"

1.- GASTOS:

Premios e gastos xerais	12,747,59
Xurado do concurso (dietas, aloxamentos...)	4.792,99 €
Seguro RC	78,62 €
TOTAL GASTOS	17.619,20 €

2.- INGRESOS:

Concello de Vigo	5.000 €
Xunta de Galicia	3.000 €
Patrocinios privados	4.500 €
Inscripcións	5.119,20 €
TOTAL INGRESOS	17.619,20 €

13(575).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS DURANTE O EXERCICIO 2017. EXPTE. 1222/330.

Visto o informe xurídico do 29/05/17 e informe de fiscalización do 09/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 26/05/17, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 17 de abril pasado, a asociación Fundación Coral Casablanca presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e a documentación ao respecto; por este motivo, con data 28 de abril pasado, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do do programa de concertos de 2017, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 23.500 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.03 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A Fundación Coral Casablanca é unha entidade sen ánimo de lucro adicada ao fomento e divulgación da música coral, en particular, e doutras artes escénicas en xeral no ámbito de Vigo e a súa comarca.

PROGRAMA:

*Sábado 1 de abril, 20:30 h
Náutico
Teatro Afundación Vigo*

*Sábado 6 de maio, 20:30 h
Concerto de Primavera
Teatro Afundación Vigo*

*Sábado 10 de xuño, 20:30 h
Concerto de Primavera dos coros filiais da fundación (coro Peque e coro Xuvenil)
Teatro Afundación Vigo*

*Domingo 16 de xullo, 21:00 h
Concerto da Coral Casablanca
Igrexa San Miguel de Bouzas*

*Domingo 6 de agosto, 12:00 h
Concerto do Stmo. Cristo da Victoria
Colexiata de Vigo*

*Sábado 9 de decembro, 21:00 h
Concerto de Nadal da Coral Casablanca
Igrexa San Miguel de Bouzas*

*Sábado 16 de decembro, 20:30 h
Concerto de Nadal da Coral Casablanca
Teatro Afundación Vigo*

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 69.359,19 € (sesenta e nove mil trescentos cincoenta e nove euros con dezanove céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 23.500 € (33,88%)*
- Aportación de socios: 23.165 € (33,40%)*
- Aportación da entidade: 22.694,19 € (32,72%)*

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- *Solicitud de subvención*
- *Proxecto e orzamento da actividade*
- *NIF do Presidente*
- *CIF da Asociación*
- *Estatutos da Asociación*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda*
- *Certificación da conta bancaria*
- *Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.*
- *Declaración doutras axudas.*
- *Capacidade legal do presidente da entidade*
- *Certificado exención de iva*
- *Escrito remitido pola Fundación Coral Casablanca de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa de concertos 2017, proposto polo Concello de Vigo.*

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación Fundación Coral Casablanca, para a organización do programa de concertos 2017, obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Fundación Coral Casablanca deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2017, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Fundación Coral Casablanca ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos 2017 e figura na partida 3340.480.00.03 "CORAL CASA BLANCA", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 23.500 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Fundación Coral Casablanca é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 23.500€ (vintetrés mil cincocentos euros) á Fundación Coral Casablanca, CIF. G27753771, para o financiamento do programa de concertos 2017, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.03 "CORAL CASABLANCA", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Coral Casablanca que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de concertos 2017.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA DE CONCERTOS 2017.

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezasete

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Ignacio Pérez Amoedo, na súa condición de presidente da Fundación Coral Casablanca (CIF: G-27753771) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo social na rúa Pontevedra, 6, 6º C, CP 36201 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **FUNDACION CORAL CASABLANCA** é unha entidade sen ánimo de lucro adicada ao fomento e divulgación da música coral, en particular, e doutras artes escénicas en xeral no ámbito de Vigo e a súa comarca.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **FUNDACION CORAL CASABLANCA**, como medio que é de promover a música coral na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.03, como subvención nominativa, a favor da **FUNDACION CORAL CASABLANCA**, a cantidade de 23.500 euros.*

*IV.- Que a **FUNDACION CORAL CASABLANCA** non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co*

Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o programa de concertos durante o exercicio 2017, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 69.359,19 € (sesenta e nove mil trescentos cincuenta e nove euros con dezanove céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 23.500 € (33,88%)
- Aportación de socios: 23.165 € (33,40%)
- Aportación da entidade: 22.694,19 € (32,72%)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Sábado 1 de abril, 20:30 h

Náutico

Teatro Afundación Vigo

Sábado 6 de maio, 20:30 h

Concerto de Primavera

Teatro Afundación Vigo

Sábado 10 de xuño, 20:30 h

Concerto de Primavera dos coros filiais da fundación (coro Peque e coro Xuvenil)

Teatro Afundación Vigo

Domingo 16 de xullo, 21:00 h

Concerto da Coral Casablanca

Igrexa San Miguel de Bouzas

Domingo 6 de agosto, 12:00 h

Concerto do Stmo. Cristo da Victoria
Colexiata de Vigo

Sábado 9 de decembro, 21:00 h

Concerto de Nadal da Coral Casablanca
Igrexa San Miguel de Bouzas

Sábado 16 de decembro, 20:30 h

Concerto de Nadal da Coral Casablanca
Teatro Afundación Vigo

CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Ignacio Pérez Amoedo, presidente da entidade.
- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (23.500 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Estipúlanse dous pagamentos según o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento trala sinatura do convenio, que se tramitará previa solicitude polo Rexistro Xeral, xunto á documentación xustificativa, polo importe xustificado correspondente ás actuacións do programa que se teñan realizado ata ese momento.
- b) Un segundo e derradeiro pagamento, previa solicitude polo Rexistro Xeral e antes do 30 de novembro, polo importe xustificado restante ata o importe máximo estipulado no presente convenio.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades nos prazos indicados.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 6. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 7. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 8. Memoria de prensa.
 9. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 10. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2017 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente

necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO I

ORZAMENTO DO PROGRAMA ANUAL DE CONCERTOS DA FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA 2017

1.- GASTOS:

Gastos bancarios	440,79 €
Préstamo bancario	8.040 €
Material oficina	391,74 €
Seguridade Social e IRPF	12.731,38 €
Nóminas	29.951,28 €
Orquestra	12.610 €
Dominio internet	423,50 €
Xestoría	3.768 €
Imprenta	140 €
Vestiaro coral	862,50 €
TOTAL GASTOS	69.359,19 €

2.- INGRESOS:

Subvención Concello de Vigo	23.500 €
Aportación de socios	23.165 €
Aportación da entidade	22.694,19 €
TOTAL INGRESOS	69.359,19 €

14(576).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL “XOSÉ NEIRA VILAS”. EXPTE. 14147/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12/06/17, dáse conta do informe-proposta do 29/05/17, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o secretario de Admón. Municipal, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que si o seguinte:

1.- ANTECEDENTES.-

Con data 3 de abril de 2014 asinouse o contrato de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Pública Municipal “Xosé Neira Vilas” (expte 14147/331) entre o Concello de Vigo e a empresa LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS S.L., CIF B15648595.

O contrato fora adxudicado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 14 de marzo de 2014; os pregos de cláusulas técnicas (PPT) e administrativas (PCAP) que rexen para este contrato, e forman parte del, foran aprobados pola Xunta de Goberno Local do 14 de xuño de 2013.

O prazo do contrato é de tres anos, contados dende o 3 de abril de 2014, e o prezo de 762.300 € (setecentos sesenta e dous mil trescentos euros), IVE incluído.

O prezo anual de licitación ascendía a 272.700 €; de acordo coa oferta da empresa adxudicataria LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS S.L. e o acordo da XGL de adxudicación (14 de marzo 2014) o importe anual do contrato ascendía a **254.100 €**.

2.- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO.-

A cláusula 30 do PCAP sobre “REVISIÓN DE PREZOS” establece:

“1.- Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 3.J da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación corresponderalle ó responsable do contrato que se aterá ó previsto nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.

2.- O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.

3.- As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación.”

E o apartado 3.J da FEC dice que *“Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20 % do seu importe, e recollerá o 50% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.”*

A Xunta de Goberno Local de data 26 de febreiro de 2016 aprbou a primeira revisión de prezos por cumprirse as condicións establecidas no PCAP, para o período de aplicación do novo prezo do contrato dende o 3 de abril de 2015 ata o 2 de abril de 2016, un prezo anual de **254.608,20**

€ (douscentos cincoenta e catro mil seiscientos oito euros con vinte céntimos) e un prezo mensual de **21.217,35 €** (vinteún mil douscentos dezasete euros con trinta e cinco céntimos).

A Xunta de Goberno Local de data 28 de outubro de 2016 aprobou a segunda revisión de prezos por cumprirse as condicións establecidas no PCAP, para o período de aplicación do novo prezo do contrato dende o 3 de abril de 2016 ata o 2 de abril de 2017, un prezo anual de **253.207,85 €** (douscentos cincoenta e tres mil seiscientos douscentos sete euros con oitenta e cinco céntimos) e un prezo mensual de **un importe mensual de 21.100,65 € €** (vinteún mil cen euros con sesenta e cinco céntimos).

Agora procedería a terceira revisión de prezos que se realizaría según o seguinte:

- Data de adxudicación do contrato.- 14 de marzo de 2014.

- Data de sinatura do contrato.- 3 de abril de 2014.

- Data de segunda revisión.- 3 de abril de 2016.

- Fórmula para a revisión.- 50% da variación do IPC nacional, no período definido no apartado 3.J das FEC.

- Período de revisión.- abril 2016- abril 2017

Importe da variación do prezo.-

A variación do IPC nacional entre o período abril de 2016 e abril de 2017 é, según o documento que se achega no expediente, do 2,6%, polo que a variación do prezo do contrato a aplicar é do **1,3%**, que supón o 50% da variación do IPC no período correspondente.

Período do novo prezo do contrato.-

O período de aplicación do novo prezo do contrato sería dende o 3 de abril de 2017 ata o 2 de abril de 2018.

3.- NOVOS PREZOS DO CONTRATO.-

O prezo anual do contrato trala segunda revisión foi de 253.207,85 € ive engadido, polo que se aplicamos a variación correspondente do IPC ($253.207,85 * 1,3 \% = 3.291,70 \text{ €}$), o resultado sería para o período do 3 de abril de 2017 ata o 2 de abril de 2018:

- importe anual de **256.499,55 €**, ive engadido
- importe mensual de **21.374,96 €**, ive engadido

4.- ATRASOS PARA A TERCEIRA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO.-

Os atrasos a regularizar por parte da empresa adxudicatária serían, para o prazo do 3 de abril de 2017 ata o 30 de xuño de 2017, os seguintes:

- Período 3/04/17 ao 30/04/17: $703,35 \text{ €/día} * 28 \text{ días} = 19.693,80 \text{ €} * 1,3\% = 256,02 \text{ €}$
- Período 1/05/17 a 30/06/17: $21.100,65 \text{ €/mes} * 2 \text{ meses} = 42.201,30 \text{ €} * 1,3\% = 548,62 \text{ €}$

TOTAL ATRASOS: 3/04/17 a 30/06/17: 804,64 €

Polo exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, do secretario de Administración Municipal e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, previo o informe da Intervención Xeral, faise á seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

“1.- Que se aprobe o novo prezo anual do contrato de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Pública Municipal “Xosé Neira Vilas” (expte 14147/331) entre o Concello de Vigo e a empresa LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS S.L., CIF B15648595; como consecuencia da aplicación da terceira revisión de prezos.

- **Data de adxudicación do contrato.**- 14 de marzo de 2014.
- **Data de sinatura do contrato.**- 3 de abril de 2014.
- **Data de primeira revisión.**- 3 de abril de 2015 (un ano dende a formalización do contrato).
- **Data de segunda revisión.**- 3 de abril de 2016
- **Fórmula para a revisión.**- 50% da variación do IPC nacional, no período definido no apartado 3.J das FEC.
- **Período da terceira revisión.**- abril 2016- abril 2017
- **Importe da variación do prezo.**- + **1,3 %**, que é o 50% da variación do IPC nacional entre abril de 2015 e abril de 2016 (+ 2,6 %), o que suporía un importe de **3.291,70 €**(253.207,85 € prezo anual trala segunda revisión * 1,3%), iva engadido.
- **Período do novo prezo do contrato:** o período de aplicación do novo prezo do contrato sería dende o 3 de abril de 2017 ata o 2 de abril de 2018.
- **Prezo anual do contrato para o período indicado.**- **256.499,55 €** (douscentos cincuenta e seis mil catrocentos noventa e nove euros con cincuenta e cinco céntimos) que se imputarán á aplicación orzamentaria 3321.227.99.10.

2.- Que a regularización da revisión de prezos para o período 3 de abril de 2017 ao 30 de xuño de 2017, por un importe de **804,64 €**(oitocentos catro euros con sesenta e catro céntimos), se realice na primeira factura emitida pola empresa adxudicataria unha vez lle sexa notificado este acordo.

3.- Que a partir da notificación do acordo da aprobación de novos prezos a empresa adxudicataria facture a prezos actualizados, que supón **un importe mensual de 21.374,96 €** (vinteún mil trescentos setenta e catro euros con noventa e seis céntimos)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(577).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA DURANTE O MES DE MAIO DE 2017. EXPTE. 1272/330.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/06/17, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultura e o concelleiro delegado de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, no mes de MAIO de 2017.

SERVIZO: Área de Cultura

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO	CIF/NIF	IMPORTE
1218/330	CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN ARTÍSTICA E COORDINACIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ IMAXINATIONS'17	Lucía Martínez Alonso	14/435/03018	5.142,50 €
1235/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DE MATERIAIS E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NOS CENTROS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS CON MOTIVO DO DIM 2017	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L.	B36917201	5.929,00 €
1241/330	CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE ACTUACIÓN MUSICAIS PARA A CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS 2017	SINSALAUDIO, S.L.	B36898369	2.650,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

16(578).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES REALIZADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS DURANTE O MES DE MAIO DE 2017. EXPTE. 1911/341.

Dáse conta do informe-proposta de data 9/06/17, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultura e o concelleiro delegado de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341), Verbum (340) e Museos Quiñones de León (337) no mes de MAIO, e que son os que deseguido se relacionan:

MAIO 2017

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1880/341. Autorización de gasto para a contratación da reposición parcial da cuberta do Centro de Artesanía Tradicional (CAT). ECOGALAI-CO INNOVACIÓN, S.L. RCM 47057.	11/05/17	5.436,83 €

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1885/341. Reserva xenérica de crédito para distintos traballos técnicos do servizo de Museos. RCM 46739.	11/05/17	2.000,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1893/341. Reparación bomba inxección grupo auxiliar electrógeno Casa das Artes. ELECTRONAVIA INSTALACIÓNS Y MANTENIMIENTO, S.L. RCM 47449.	15/05/17	1.821,05 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1897-341. Reserva xenérica de crédito para imprevistos de seguros relacionados coa programación e actividades da rede museística e expositiva. RCM 51374.	24/05/17	500,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6001/337. Reserva xenérica de crédito para servizos de mantemento, reparación e conservación do Museo Municipal Quiñones de León. RCM 41890.	04/05/17	3.000,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5981/337. Contrato menor de subministros para a reedición dos folletos informativos do Museo Municipal "Quiñones de León". DESOÑOS, ESTUDIO DE DESEÑO. RCM 46696.	10/05/17	2.224,10 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte 5973/337. Contratación de proxecto de climatización da recepción do Pazo Museo Quiñones de León. ANTONIO MARTÍNEZ REBORDA, SLNE. RCM 45075.	05/05/17	635,25 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6015/337. Reserva xenérica de crédito para gastos diversos derivados da reorganización de almacéns do Museo Municipal Quiñones de León-Pazo de Castrelos. RCM 46000.	08/05/17	3.000,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5987/337. Contratación dun servizo de mantemento e limpeza de materiais arqueolóxicos da cámara de frío do Museo "Quiñones de León". DOLORES ÁLVAREZ REY. RCM 48504.	22/05/17	5.376,03 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6025/337. Contrato menor de subministro de material de embalaxe para colección cerámica e cristal. SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. RCM 48506.	22/05/17	2.527,09 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5999/337. Contratación dun servizo de retirada do material arqueolóxico amosado na exposición "Emporium. Mil anos de comercio en Vigo". DATA GESTIÓN CULTURAL. RCM 49121.	22/05/17	1.500,40 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5996/337. Contratación de servizo de elaboración de informe histórico da "Bandeira da milicia nacional" (nº inv. 8059) do Museo Municipal "Quiñones de León". CONSULTARTE&RESTAURARTE, S.L. RCM 48500.	22/05/17	1.028,50 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6024/337. Contrato menor de servizos para contratación de servizo de inventariado de caixas de embalaxe de obras de arte. RAQUEL NUÉZ CHAPELA. RCM 48501.	22/05/17	750,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5998/337. Contratación dun servizo de desmontaxe da exposición "Emporium. Mil anos de comercio en Vigo". JOSÉ ÁLVAREZ ROUCO. RCM 52178.	29/05/17	6.824,40 €

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
VERBUM (340)	Expte. 2621/340. Contrato menor para reparación sistema de bombeo contraincendios do Verbum. SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L. RCM 43561.	02/05/17	2.754,32 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

17(579).- PROXECTO MODIFICADO DE “MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NAS RÚAS LOTAS E BREA”. EXPTE. 3132/440.

Visto o informe de fiscalización do 9/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 8/06/17, asinado polo xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

1.- A Xunta de Goberno Local de data 13 de maio de 2016 acordou aprobar o proxecto técnico -que inclúe memoria, planos e presuposto- para executa-las obras de MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NAS RÚAS LOTAS E BREA por un importe total de 84.178,16 euros (IVE excluído), con cargo ao Plan de Investimentos recollido no acordo de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgado a favor de Aqualia-FCC.

2.- O Concelleiro de Área de Fomento en data 19 de setembro de 2015 resolveu nomear a dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais D. Jorge Muñoz Rama e D. Jerónimo Centrón Castaños.

3.- En data 2 de novembro de 2016, asínoise a Acta de Comprobación de Replanteo.

4.- En data 1 de febreiro de 2017 o Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos, , D. Jerónimo Centro Castaños e o Técnico Municipal D. Jorge Muñoz Rama, directores facultativos da obra emiten informe técnico solicitando autorización para a redacción dunha modificación do proxecto de obras, coa xustificación técnica que consta no mesmo, á vista do cal a Xunta de Goberno Local de data 27 de abril acordou *autorizar o inicio do expediente administrativo de modificación do proxecto das obras “Mellora rede de Saneamento nas Rúas Lotas e Brea”.*

5.- Con data maio de 2017 Aqualia FCC-Vigo UTE presentou o proxecto modificado das obras de referencia, redactado polo Enxeñeiro industrial don Casimiro Fontenla Bugallo, baixo a dirección do Enxeñeiro de Canais e Portos D. Jerónimo Centron Castaños e o Técnico que non supón incremento sobre o presuposto inicial.

6.- Os Técnicos directores facultativos da obra emiten o informe que a continuación se detalla:

As actuacións proxectadas no presente Modificado son as seguintes:

Renovación tramo non previsto .- *No proxecto orixinal indicábase de xeito expreso na memoria e nos planos que non se contemplaba a renovación do tramo da Rúa Lotas na zona en que se estreita o víal debido a que se renovou fai uns anos e considerábase que estaba en boas condicións. Ao realiar a excavación da gabia púidose ver que o colector atópabase en moi mal estado e que sería necesario renovar o mesmo completamente. O tramo afectado ten unha lonxitude de 41 metros.*

Aumento diámetro na Rúa Lotas .- *Á vista dos caudais circulantes no tramo de colector da Rúa Lotas nos casos de fortes precipitacións e ao brusco cambio de dirección ali existente considerase convinte aumentar o diámetro do colector previsto no proxecto, 400 mm., para facilitar a evacuación dos caudais recollidos na Rúa Brea e garantir así que non entre en carga na zoa de menor pendente da Rúa Lotas, afectando ás acometidas.*

Modificación do punto de conexión en Ramón Nieto .- *A conexión prevista na Rúa Ramón Nieto no pode realizarse conforme ao deseño previsto no proxecto debido á existencia de servizos que se descubriron unha vez executada a excavación, a man, na gabia.*

Aumento do número de acometidas .- *Álgunhas das vivendas dispoñen de máis dunha acometida o que implica un maior número de arquetas de rexistro.*

Pozo reforzado en el cruce .- *No punto de cruce da Rúa Lotas coa Rúa Brea prodúcese un cambio de dirección moi brusco que combinado cun forte cambio de pendente provoca o choque da auga contra a parede do pozo e a formación dunha forte turbulencia, polo que se considera necesio executar un pozo de formigón armado in situ, reforzado e cunha cuna en curva.*

Excavación en roca.- *Comprobouse que ao inicio da Rúa Brea existe unha zona con abundante roca, o que non estaba contemplado no proxecto. A pendente provoca el choque del agua contra la pared del pozo y la formación de*

Arqueta sifónica .- *A conexión coa rede existente será necesario realizala a través de arqueta sifónica debido a existencia de reixas transversais. La conexión con la red existente será necesario realizarla a través de arqueta sifónica debido a la existencia de rejillas transversales.*

Recheo de pozos fora de servizo .- *Oz pozos anulados atopanse en mal estado e existe o risco de que colapsen e acaben afectando ao pavimento polo que se propón o seu recheo cunha mestura de grava e formigón.*

Reixas transversais.- Considerase convinte reforzar a reixa transversal existente coa colocación doutra similar un pouco máis enriba da Rúa Brea. INFORME A.T. Á DIRECCIÓN DE OBRA, Mellora da rede de saneamento nas Rúas Lotas e Brea, CONCELO DE VIGO. INGENIERÍA ESINPRO, S.L.

Formigón en coronación de gabia .- Debido á dificultade de compactar o recheo das gabias pola falta de espazo para a maquinaria e a forte pendente propónse reforzar a coronación das gabias con 15 cm., de formigón para garantir que non se p

Entibación .- Non é posible utilizar a entibación debido á dificultade para acceder a maquinaria polo reducido espazo lateral dispoñible. O terreo, por outra banda, é estable e a profundidade da gabia é reducida.

Reposición do pavimento .- No proxecto contemplábase a reposición do pavimento a todo o ancho dos viais pero a existencia de encontros transversais con cotas moi forzadas aconsella reducir os cambios nas rasantes actuais para evitar o risco de que a auga de escorrentía poida pasar ás entradas de garaxes e vivendas.

Corte do pavimento .- Debido a o anterior é necesario realizar un corte lonxitudinal do pavimento nalgunhas zoas para regularizar a anchura da franxa de reposición. Aparte do anterior sinalar que no nº 9 da Rúa Brea localizaronse unha serie de filtracións de augas residuais por debaixo da solera que demostran a existencia de fugas ou roturas no colector. Do resumo do orzamento comparativo despréndese que o saldo do presente proxecto modificado é a Coste Cero.

O Orzamento en Execución Material do Modificado (PEM) é de: SETENTA MIL SETECENTOS TRINTA E SETE EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (70.737,95€).

O Orzamento Base de Licitación do Modificado(PBL) obtense aplicando ao PEM ou 13% de Gastos Xerais e ou 6% de Beneficio Industrial é de: OITENTA E CATRO MIL CENTO SETENTA E OITO EUROS CON DEZ E SEIS CÉNTIMOS (84.178,16 €).

CONCLUSIÓN:

Os prezos unitarios, incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do Presente Modificado, atendendo ao cadro de prezos de unidades de obra que rixe as obras de inversións da Entidade Concesionaria, aprobado en X.G.L. do 22 de marzo de 2013, e aos prezos xerais do mercado.

O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

A documentación do proxecto considérase completa e tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos polo "Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público"; polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

Primeira.- O procedemento para a aprobación do proxecto de obras a que se refire o presente expediente, observou os trámites fixados pola Xunta de Goberno Local, no acordo arriba referido de 8 de marzo de 2013, adoitado para a contratación das obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE, sinaladamente o da declaración da súa urxencia e inaprazable execución, que tivo lugar en sesión do mesmo órgano de 13 de marzo de 2015.

Segunda.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

Terceira.- O proxecto de obras, tal e como resulta do informe dos directores de obra de data 30 de maio, responde aos obxectivos propostos, comprende unha obra completa e toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto tal e como resulta da táboa que figura no informe, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

Polo demais, segundo se especifica no mesmo informe, os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados ao proxecto e axústanse ao cadro de prezos aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 22 de marzo de 2013; os custos asociados á actuación observan ás porcentaxes máximas aprobadas pola Xunta de Goberno Local no acordo de 8 de marzo de 2013; e, canto ao estudo xeotécnico, —non previsto o seu custe en porcentaxe no dito acordo— o custe do mesmo axústase aos valores de mercado.

Cuarta.- A aprobación do proxecto modificado, de conformidade co repetido acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 2013, sobre “Ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE”, corresponde á Xunta de Goberno Local (apartado III.b).

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

1º.- Aprobar o proxecto modificado da rede de saneamento nas Rúas Lotas e Brea, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Casimiro Fontenla Bugallo, da enxeñería Esinpro, S.L. Cun orzamento base de licitación de 84.178,16 (OITENTA E CATRO MIL CENTO SETENTA E OITO EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS), o que non supón incremento sobre o importe inicial do proxecto.

2º.- O presente acordo notifíquese a “Aqualia-FCC” da forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(580).- PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ENTORNO DA ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE. EXPTE. 3214/443.

Visto o informe de fiscalización do 09/06/17, dáse conta do informe-proposta do 08/06/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO:

1. O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2016 recolle a aplicación orzamentaria 3260.6320000 "INVESTIMENTO DE MELLORA DA ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE"

2. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 15.03.2016 aurizou a contratación de Xosé Rodríguez Arquitectos Asociados S.L.P para a redacción do PROXECTO CONSTRUCTIVO DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ENTORNO DA ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE

3. XOSÉ RODRÍGUEZ ARQUITECTOS ASOCIADOS SLP, presenta, trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de "ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ENTORNO DA ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE", redactado polo Arquitecto Xosé Carlos Rodríguez Otero, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS SESENTA E TRES MIL DOUSCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (463.244,49 EUROS) e data Maio de 2017.

4.- O Enxeñeiro de Caminos Canais e Portos municipal en data 11.03.2016 informa que a actuación plantexada cumpre cos obxectivos do contrato de redacción.

5.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos D. Aurelio Adán Fernández, con data 06.06.2017 informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administracions Públicas, o Concelleiro Delegado de Fomento, con data 1 de xuño de 2017 resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

5. A actuación se desenrola no interior e no entorno da Escola de música de Beade, sito na rúa Estrada Coutada, Beade.

No edificio existente propónse o apeo de dous pórticos existentes, coa finalidade de xenerar un espazo diáfano. No que se propón a realización da división de dito espazo para uns aproveitamentos en locais para uso propios da escola. A base de tabiques de pladur tanto nas divisións interiores como a formación de cámara co paramento exterior, con excepción do local de ensaios que se prevee un acabado interior a base de bloque tipo ekotec ou similar. Co seu correspondente aislamiento segundo detalle de planos e memoria adxunta.

Execución de novas instalacións de fontanería, renovación de aire, electricidade e protección de lumes, acabados interiores en solo a base de terrazo salvo en zona de ensaios que se prevee acabado en tarima, con previas soleiras de formigón e recheos onde sexa necesario, en teitos propónse acabados con pladur e outros materiais.

Propónse a execución dunha fachada exterior, de pranchas de aluminio, tipo Gascogne de arval ou similar, asentadas sobre omegas con recheo de lan de roca en onde existe xa muro de cerramento e na zona diáfana colocárase previamente unha base de aceiro galvanizado prelacado. Carpinterías no interior de madeira y no exterior de aceiro modulada segundo detalles de planos e memoria.

Prevese a execución dunha urbanización exterior, con previas canalizacións para conducións de evacuacións de pluviais por medio de tubaxes de PVC, así como canalizacións de instalación de alumbrado e rieso, subbase de zahorra, acabados con pavimentos asfáltico e xabre granítico, con correspondente execución de rigolas, muros de manpostería, beirarrúas, escaleiras exteriores de formigón armado, coa correspondentes varandas metálicas. Segundo detalle de planos.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CINCO meses.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- En data 13.01.2017 o Alcalde-presidente resolveu delegar no Concelleiro Delegado da Fomento, Contratación e Limpeza, D. David Regades Fernández, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias para a execución das obras de investimento de mellora da Escola Música Beade – aplicación orzamentari 3260.6320000,

V.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

VI.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar o proxecto de “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ENTORNO DA ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE”, redactado polo Arquitecto Xosé Carlos Rodríguez Otero, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS SESENTA E TRES MIL DOUSCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (463.244,49 EUROS) e data Maio de 2017.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(581).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO E RÍAS BAIXAS 2017-2019. EXPTE. 6628/104.

Visto o informe de fiscalización do 31/05/17, dáse conta do informe-proposta do 26/05/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 25 de maio de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6.628-104)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6.628-104)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 12 de maio de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6.628-104) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación
------------------	-------------------

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). (Lémbrese que deberá acreditarse a habilitación profesional esixida na cláusula 8.4.4º).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.065,52 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., o día 12 de maio de 2017, que presenta a documentación requirida o 23 de maio, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de maio de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das

proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 27 de abril e 5 de maio de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., o procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6.628-104) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 736.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 127.735,54 euros.*
- b) *Propón nas frecuencias aéreas coa cidade de VALENCIA:*
 - 3.000 prazas para o ano 2017 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
 - 4.000 prazas para o ano 2018 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
 - 4.000 prazas para o ano 2019 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
- c) *Propón nas frecuencias aéreas coa cidade de IBIZA:*
 - 1.200 prazas para o ano 2017 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
 - 1.200 prazas para o ano 2018 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
 - 1.200 prazas para o ano 2019 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
- d) *Propón nas frecuencias aéreas coa cidade de PALMA DE MALLORCA:*
 - 1.200 prazas para o ano 2017 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
 - 1.200 prazas para o ano 2018 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
 - 1.200 prazas para o ano 2019 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
- e) *Propón 17 enlaces con transbordo semanais dende os aeroportos de VLC, IBZ e PMI nos días en que non opere voo directo, con escala inferior a 150 minutos.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(582).- CONSULTA PÚBLICA PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TRAMITACIÓN DAS LICENZAS URBANÍSTICAS E OUTRAS FORMAS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA. EXPTE. 1049/400.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 1/06/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, conformado pola xefa da Área técnica e o xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

I. En data 28.10.2013, o Pleno do Excmo. Concello de Vigo aprobou definitivamente a *Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa*, que foi publicada no BOP n.º 235, do 09.12.2005 e modificados os seus anexos por resolucións da Vicepresidenta da XMU de datas 20.01.2014 (BOP n.º 53, do 18.03.2014), 06.03.2014 (BOP n.º 103, do 30.05.2014) e 12.11.2015 (BOP n.º 2, do 05.01.2015).

II. A nomeada Ordenanza municipal, ditada en virtude da autonomía municipal constitucionalmente recoñecida, ten por obxecto a regulación dos procedementos de intervención e control do Concello de Vigo nos casos de obras e actividades que pola súa entidade, incidencia no contorno urbanístico ou no ambiente, teñan que someterse ao réxime de licenza, declaración responsable ou comunicación previa, segundo o caso.

Asemade, establece as disposicións xerais necesarias para facilitar a liberdade de establecemento e a libre prestación de servizos, planificando os novos procesos de comunicación necesarios para o seu control posterior e simplificando, en xeral, os procedementos xa establecidos.

III. Mediante a aprobación desta Ordenanza, o Concello de Vigo facilitou e facultou a posta en marcha de actividades económicas incluídas no ámbito de aplicación da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio e a Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, así como doutras non incluídas de menor impacto ambiental e obras ligadas ao acondicionamento de locais que non requiriran da redacción dun proxecto de obra de conformidade coa Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da edificación, co fin de estender a eliminación de trabas e axilización administrativa a outras actividades.

IV. Sen embargo, dende a súa entrada en vigor téñense sucedido diversas modificacións normativas con incidencia directa nas previsións da vixente Ordenanza municipal, sendo de singular relevancia a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, coa que o lexislador autonómico trata de avanzar na senda da eliminación das trabas administrativas previas ao exercicio de actividades iniciada na Comunidade Autónoma a través da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis e o seu desenvolvemento regulamentario (que levou a cabo un profundo proceso de adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento e do Consello, do 12.12.2006, relativa aos servizos no mercado interior). A nova norma regula, pois, as actividades inocuas, as actividades obxecto de incidencia ambiental e os espectáculos públicos e as actividades recreativas, dotando ás actividades económicas dun réxime xurídico de intervención administrativa homoxéneo.

V. Así pois, a Lei 9/2013, do 19 de decembro, establece un réxime xurídico único do exercicio de actividades en Galicia, eliminando a licenza de apertura previa á instalación e ao inicio da actividade (licenzas de actividade ou instalación e de apertura ou funcionamento), en cumprimento do artigo 41 da Lei de Economía Sostible e, para que a liberalización de actividades sexa efectiva, modificou a regulación das licenzas de obras, establecendo como réxime xeral o da comunicación previa, xunto cunha reserva para a licenzas nos casos nos que a norma estatal así o exixira.

VI. Cómpre tamén salientar as modificacións operadas na normativa urbanística pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e que consolidan a comunicación previa como réxime xeral de intervención administrativa, mantendo a exixencia de licenza urbanística para os actos que expresamente relaciónanse na referida Lei 2/2016.

VII. Este novo marco normativo completouse co Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (DOG n.º 213, do 09.11.2016) e que afecta tanto ás actividades inocuas como ás clasificadas e aos espectáculos públicos e actividades recreativas. O seu artigo 4 prevé a aprobación polos Concellos dunha ordenanza única que estableza a regulación integrada do exercicio das actividades e a apertura dos establecementos incluídos no seu ámbito de aplicación e, en tanto isto non teña lugar, para a plena eficacia do Decreto, resultarán de aplicación as normas subsidiarias contidas no seu Título V.

Finalmente, en virtude do establecido na súa disposición final primeira *“Aprobación da ordenanza única de regulación integrada do exercicio de actividades económicas e apertura de establecementos públicos”*: *No prazo máximo de nove meses dende a publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia, os Concellos aprobarán a ordenanza única de regulación integrada do exercicio de actividades económicas e a apertura de establecementos públicas prevista no apartado primeiro do artigo 4*”. Logo da entrada en vigor desta ordenanza, as normas do nomeado Decreto aplicaranse supletoriamente para suplir as indeterminacións e lagoas que aquela poda presentar.

VIII. Xa que logo, en cumprimento do mandato contido na disposición final primeira do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, cumpre iniciar a modificación da *Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa* para a súa adaptación á exixencia contida nela daquela regulación integrada, así como ao marco normativo exposto.

IX. Por resolución do Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal de día 23.02.2017, encomendouse ao Secretario do Pleno a instrución do expediente administrativo para a elaboración e aprobación do Plan Anual Normativo do Concello de Vigo.

X. O artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, prevé que ,con carácter previo á elaboración dos proxectos ou anteprojectos da lei e regulamentos, substanciárase unha consulta pública para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma.

XI. De acordo co criterio competencial consignado no acordo da Xunta de Goberno Local do 02.03.2017 relativo ao trámite de consulta para a elaboración da ordenanza de administra-

ción electrónica, así como na normativa de aplicación, previa proposta polo Consello da XMU, propónse a adopción do seguinte, ACORDO:

PRIMEIRO: Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas para a elaboración e aprobación da modificación da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo, a través do enderezo <https://consulta.vigo.org>, durante o prazo de vinte días, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións sobre os aspectos que figuran recollidos no anexo I do presente acordo.

SEGUNDO: Dar traslado deste acordo ao Servizo municipal de Administración Electrónica para a posta en marcha do trámite de consulta na sede electrónica municipal.

TERCEIRO: Publicar o presente acordo na sede electrónica e no portal da transparencia.

Non obstante, este informe proposta non é vinculante e o órgano competente poderá decidir, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 6/06/17, acorda "elevar o presente acordo á Xunta de Goberno Local para a súa resolución".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

ELABORACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO DE ENTIDADES URBANÍSTICAS COLABORADORAS DO CONCELLO DE VIGO

TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA AO PROCEDIMENTO DE ELABORACIÓN DA NORMA

De conformidade co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, con carácter previo á elaboración dos proxectos ou anteprojectos da lei e regulamentos, substanciárase unha consulta pública para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, lévase a cabo a consulta previa no procedemento para a elaboración da ordenanza reguladora do rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras do Concello de Vigo.

<p>A) Antecedentes da norma</p>	<p>O Concello de Vigo desenvolve no ámbito da competencias legalmente atribuídas, a actividade de control e intervención en materia urbanística.</p> <p>Para o adecuado desenvolvemento desta actividade, o Pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente o día 28.10.2013, a Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, quedando sometidas a ela todo tipo de actos de edificación e uso do solo e subsolo, así como o exercicio de actividades ou servizos que exixan a intervención da administración, en execución da súa función de policía na orde urbanística e ambiental, coa finalidade de verificar o axuste ao planeamento, normas urbanísticas e outras vixentes en materia de seguridade, sanitaria, ambiental e demais que resulten exixibles.</p> <p>Dende a entrada en vigor da norma municipal, téñense sucedido certos cambios lexislativos con directa incidencia nas materias propias desta Ordenanza e que avanzaron na eliminación da licenza de apertura previa á instalación e ao inicio da actividade (licenzas de actividade ou instalación e de apertura ou funcionamento) e no establecemento, como réxime xeral, da comunicación previa, xunto cunha reserva para a licenzas nos casos nos que a norma estatal así o exixa, así como nun tratamento máis unitario da materia.</p> <p>No senso exposto, o artigo 4 do Decreto 44/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, prevé a aprobación polos Concellos dunha ordenanza única que estableza a regulación integrada do exercicio das actividades e a apertura dos establecementos incluídos no seu ámbito de aplicación, materia abordada na dita Ordenanza municipal e que procede modificar no senso exixido pola nova normativa.</p>
<p>B) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa</p>	<p>A adaptación da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa ao actual marco normativo, e singularmente ao Decreto 44/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, permitirá a adecuación da normativa municipal á lexislación vixente, evitando os problemas interpretativos e de xerarquía normativa que poderan derivarse desa falta de adaptación.</p> <p>Trátase, desta forma, de avanzar na actualización da normativa municipal, contribuíndo a súa claridade e simplificación e reforzando a seguridade xurídica.</p>

<p>C) Necesidade e oportunidade da súa aprobación</p>	<p>A iniciativa proposta trata de dar cumprimento ao preceptuado na disposición final primeira do Decreto 44/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, en virtude da que deberá o Concello de Vigo aprobar a ordenanza única de regulación integrada do exercicio de actividades económicas e a apertura de establecementos públicos prevista no apartado primeiro seu artigo 4. Ademais, esta adaptación ofrece a oportunidade de actualizar as súas determinacións á normativa actualmente en vigor.</p> <p>Dada a data de publicación do referido Regulamento (DOG n.º 213, do 09.11.2016) resulta oportuno atender o devandito mandato regulamentario contido na referida disposición final primeira para o mellor cumprimento dos prazos establecidos.</p>
<p>D) Obxectivos da norma</p>	<p>A modificación normativa a iniciar terá por obxecto a adaptación da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa a novo contexto normativo, nomeadamente definido pola Lei 9/2013, do 19 de decembro, establece un réxime xurídico único do exercicio de actividades en Galicia, polo Decreto 44/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia e mesmo pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e demais de aplicación con incidencia na materia.</p>
<p>E) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias</p>	<p>A solución alternativa pasaría pola non adaptación da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa á lexislación vixente. Elo implicaría desatender o mandato contido na disposición final primeira do Decreto 44/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.</p> <p>A opción non regulatoria conlevaría a convivencia da Ordenanza actualmente aprobada dentro dun contexto normativo que ten mudado dende a súa entrada en vigor e que obrigaría a realizar unha lectura e interpretación das disposicións municipais á luz daquel, por tratarse dunha ordenanza desactualizada e parte de cuxas determinacións deberán entenderse derogadas ou superadas por aquel.</p> <p>Tal como se expón, a opción regulatoria, ademais de ser a máis garante para a seguridade xurídica, ofrece tamén a oportunidade de actualizar as disposicións da referida Ordenanza municipal ao novo marco normativo vixente en materia urbanística conformado por una nova lexislación autonómica sobre o solo e unha nova lexislación autonómica en materia de actividades.</p>

21(583).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA O “ALUGUER DE MAQUINARIA DE OBRA PÚBLICA, CON O SEN MAQUINISTA, PARA A REPARACIÓN DS INFRAESTRUCTURAS VIARIAS E OUTROS EQUIPAMENTOS CONEXOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL”. EXPTE. 70983/250.

Visto o informe de fiscalización do 06/06/17, dáse conta do informe-proposta do 24/05/17, asinado polo xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado da Área de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

De acordo coa orden de inicio do Concelleiro Delegado de Fomento para o inicio do expediente conducente a aprobación da segunda e última prorroga polo período dun ano do contrato para o actual contrato de “aluguer de maquinaria de obra pública, con e sen maquinista, para a reparación das infraestruturas viarias e outros equipamentos conexos de titularidade municipal”, subscrito coa mercantil CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA) (CIF A-36.008.886), procede a emisión do seguinte informe proposta:

1.- Antecedentes

OBXECTO DO CONTRATO: Aluguer de maquinaria de obra pública, con e sen maquinista, para a reparación das infraestruturas viarias e outros equipamentos conexos de titularidade municipal que ten encomendado o taller de Vías e Obras

CONTENIDO ECONÓMICO:

Presuposto total: 871.200 euros

IVE a soportar pola administración: 151.200 euros

Valor estimado do contrato: 1.440.000 euros

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA: 1532.210.00.00 “conservación de viais e espazos públicos”

PLAZO DE EXECUCIÓN: 2 anos

PRORROGA DO CONTRATO: si, dúas prórrogas dun ano de duración cada unha (cláusula 4C das FEC).

GARANTIAS ESIXIBLES: Cláusula 10 das FEC.

- **PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA PROVISIONAL:** non
- **PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA COMPLEMENTARIA:** non
- **PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA DEFINITIVA:** si (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE)

FINALIZACIÓN PRAZO PRESENTACIÓN OFERTAS: 4 de agosto de 2014

ADXUDICACIÓN: Xunta de Goberno Local do 31 de outubro de 2014

FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: 31 de outubro de 2014.

INICIO CONTRATO: 1 de novembro de 2014

ADXUDICATARIO: Contruccion, Obras y Viales S.A. (CIF A-36.008.886)

2.- Primeira Prórroga:

ADXUDICACIÓN: Xunta de Goberno Local do 30 de setembro 2016

DURACIÓN: 1 ano

PERIODO: 1 de novembro de 2016 ao 31 de outubro de 2017

IMPORTE TOTAL: 435.600 €

3.- Xustificación da segunda prórroga:

A cláusula 4C das FEC establece que o contrato poderá prorrogarse en períodos anuais ata un máximo de dúas anualidades.

Con data 30 de setembro de 2016 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de autorizar a primeira prórroga do contrato, polo prazo dun ano a partir do 1 de novembro do ano 2016, nas condicións previstas no devandito contrato.

O prazo da primeira prórroga autorizada finaliza o vindeiro 31 de outubro de 2017.

Deuse trámite de audiencia ao contratista adxudicatario por se estivese interesado en formalizar a segunda prórroga do contrato polo período de un año, a partir do 1 de novembro de 2017 ata o 31 de outubro de 2018. Obra no expediente a conformidade do mesmo.

O contrato actual se axusta adecuadamente as necesidades do Taller de Vías e Obras da Area de Fomento do Concello de Vigo. As FEC, na súa cláusula 3.J establece que non procede a revisión de prezos. A título estimativo consultouse a variación do I.P.C. dende o intre do inicio do contrato ata a data na que se realiza este informe, no sufrindo variación (0,0 %). Tendo en conta que a baixa ofertada no seu momento polo contratista resulto ser do 35,50 % sobre todos os prezos unitarios do contrato, pode considerarse adecuada a vixencia dos prezos, polo que considerase xustifico, proceder a prórroga dun ano para o actual contrato de “aluguer de maquinaria de obra pública, con e sen maquinista, para a reparación das infraestruturas viarias e outros equipamentos conexos de titularidade municipal”, subscrito coa mercantil CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (CIF A-36.008.886).

O obxecto do contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d) “infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade”.

O gasto proposto, establececese tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

4.- Aplicación orzamentaria:

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria da area de Vías e Obras, da partida 1532.210.00.00 “Conservación de vías e espazos públicos”, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

Con data 21 de novembro de 2014, solicitouse da Intervención Xeral o desglose dos 435.600 € anuais do contrato coas cantidades que se reseñan:

Anualidade	Importe inicial	Importe reaxustado
2014	145.200 euros	95.200 euros
2015	435.600 euros	435.600 euros
2016	290.400 euros	340.400 euros

O desglose correspondente ao ano de prórroga do contrato (01/11/16 ao 31/10/17):

2016	95.200 euros
2017	340.400 euros
TOTAL	435.600 euros

Por tal motivo, solícitase continuar o ano da segunda prórroga do contrato co mesmo desglose. As cantidades correspondentes as anualidades 2017 e 2018 do ano de prórroga serán as seguintes:

2017	95.200 euros
2018	340.400 euros
TOTAL	435.600 euros

5.- Proposta:

De acordo con todos os aspectos expostos e previa fiscalización desta proposta por parte da Intervención Xeral do Concello, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Primeiro: Autorizar a segunda prórroga do contrato adjudicado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión de ordinaria de 31 de outubro de 2014, a favor da mercantil CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA) (CIF A-36.008.886), para o **“aluguer de maquinaria de obra pública, con e sen maquinista, para a reparación das infraestruturas viarias e outros equipamentos conexas de titularidade municipal”**, (expediente nº 70983-250) por un importe total de 435.600,00 euros e unha baixa porcentual única respecto dos prezos unitarios definidos no prego de prescricións técnicas particulares do 35,50%., polo prazo dun ano, a partir do 1 de novembro do ano 2017, nas condicións previstas no devandito contrato.

Segundo: Aprobar o gasto máximo a favor da mercantil CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA) (CIF A-36.008.886), para o período dun ano a partir do 1 de novembro de 2017, polo importe máximo de 435.400,00 €, con cargo a partida 1532.210.00.00 “Conservación de vías e espazos públicos”, de acordo coa seguinte desglose por anualidades:

Anualidades	Importe con IVE	IVE
2017	95.200,00 €.	16.522.32 €.
2018	340.400,00 €.	59.077,68 €.
Total	435.600,00 €.	75.600,00 €.

Dito importe máximo será de aplicación os prezos unitarios especificados no PPTP.

Terceiro: A presente prorroga do contrato deberá ser formalizada co adxudicatario, para o cal deberá proceder a manter a fianza definitiva, polo 5% do valor do prezo máximo do contrato excluído o imposto sobre o valor engadido.

Cuarto: Notificar o presente acordo ao adxudicatario CONTRUCCIONES, OBRAS Y VIAIS, S.A. (COVSA), ao Servizo de Contratación e á Intervención Municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(584).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez